

- CONCELLO DE RIANXO - - PROVINCIA DE A CORUÑA-

ACTA Nº 2/2016

**SESION ORDINARIA - PLENO MUNICIPAL
- DIA 28 DE XANEIRO DE 2016 -**

Marxe que se cita:

ASISTENTES

Presidente:

ADOLFO F. MUÍÑOS SANCHEZ.- BNG

Concelleiros/as:

ADELINA CES QUINTÁNS.- BNG
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO.- BNG (INCORPORASE AS
20:06)

XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA.- BNG
TOBIAS BETANZOS REGO.- BNG
RAQUEL GARCIA ABUIN.- BNG

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN.- PP
JOSÉ NORBERTO UZAL TRESANDI.-PP
ELISA BOUZAS VICENTE.- PP
Mª JESUS GALBAN TEIJEIRO.- PP
CELSA MARÍA MIGUENS PEREZ.- PP

Mª CARMEN FIGUEIRA ARES.- PSOE
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES.- PSOE
Mª DEMELSA IGLESIAS COLLAZO.- PSOE

ANTONIO CASTRO CASTRO.- R.COMÚN-SON
JUAN ANTONIO LOSADA MARTINEZ.- R.COMÚN-SON

Concelleiros ausentes:

BEATRIZ LAFUENTE PIMENTEL.- PSOE

Secretaria accidental:

Vicenta A. Campaña Martínez

Na Casa Consistorial de Rianxo, no día de hoxe ás 20:01 baixo a Presidencia do Sr. Alcalde reúnen os/as señores/as Concelleiros/as que á marxe se indican coa asistencia da Secretaria accidental, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal ordinaria.

Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente (cando menos 1/3 do número legal), polo Sr. Presidente declárase aberta a sesión e procédese a trata-los asuntos incluídos na seguinte

ORDEN DO DIA

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

2º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.

3º.- DAR CONTA DA RENUNCIA DO CARGO DE CONCELEIRA POR Dª. BEATRIZ LAFUENTE PIMENTEL.

4º.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DO PLAN DE SANEAMENTO FINANCIERO APROBADO AO ABEIRO DO RDL 5/2009 EN RELACIÓN AO EJERCICIO 2014.

5º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Acta Nº 1 Sesión ordinaria do día 04 de xaneiro de 2016.

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Polo Sr. Alcalde sinálase que hai un erro na acta nas intervencións do punto das Mocións xa que se fai constar como intervinte ao Voceiro do Rianxo en Común Antonio Castro Castro, cando éste non estivo na sesión plenaria, debendo constar voceiro suplente Juan Antonio Lodada Martínez.

Non habendo observacións ao respecto, queda APROBADA a acta citada por unanimidade dos presentes, cas modificacións correspondentes.-

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.

2.A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/12/2015 ata o 31/12/2015, que comprenden os números 623/2015 ao 686/2015, cuxa relación facilitouse aos voceiros dos grupos municipais.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación **DÁSE POR ENTERADO.-**

2.B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 24 da Sesión extraordinaria do día 14/12/2015
- Acta Nº 25 da Sesión extraordinaria urxente do día 21/12/2015
- Acta Nº 26 da Sesión extraordinaria do día 28/12/2015

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación **DÁSE POR ENTERADO.-**

3.- DAR CONTA DA RENUNCIA DO CARGO DE CONCELLEIRA POR D^a. BEATRIZ LAFUENTE PIMENTEL.

Dáse conta do escrito presentado polo Rexistro xeral o día 20 de xaneiro de 2016 (RXE nº 269) pola concelleira D^a. Beatriz Lafuente Pimentel, no que expresa a renuncia ao cargo de concelleira, alegando motivos persoais.

Neste asunto faise saber que ao abeiro da Instrución da Xunta Electoral Central de 10 de xullo de 2003 sobre substitución de cargos representativos locais, débese poñer esta renuncia en coñecemento do Pleno, remitíndose certificación do acordo adoptado á Xunta Electoral Central a efectos de proceder á substitución conforme ao disposto na Lei orgánica de réxime electoral xeral 5/1985, indicando o nome da persoa que a xuízo da corporación lle corresponde a vacante.

O artigo 182 da Lei 5/1985 prevé que en caso de renuncia dun/ha concelleiro/a, o escano atribuirase ao candidato/a ou no seu caso, ao suplente da mesma lista a quen corresponda, segundo a orde de colocación.

A Xunta Electoral, unha vez recibida a certificación da Corporación local de toma de coñecemento do cese no cargo representativo local, expedirá a credencial acreditativa da condición de electo en favor do candidato a quen corresponda cubrir a vacante. Credencial que remitirá á corporación local da que aquel forme parte. A corporación notificaralla ao interesado, de xeito fidedigna, aos efectos do establecido pola normativa de réxime local.

Vista a lista electoral do PS de G-PSOE nas eleccións municipais do ano 2015, sendo esta á que pertence a renunciante, estímase que lle corresponde substituíla a D. MARTIN COMOJO VICENTE, que figura no posto 5 da mesma.

Sínálase que, a renuncia da concelleira xa posesionada na sesión constitutiva requirirá, unha vez tome posesión o novo concelleiro, nova composición do grupo municipal do PS de G-PSOE polo que a voceira de devandito grupo deberá presentar o escrito do grupo asinado polos seus membros.-

Polo exposto o Concello en Pleno toma razón da renuncia de D^a. Beatriz Lafuente Pimentel e, *solicítase da Xunta Electoral Central, que se leven a cabo os trámites oportunos para a substitución da concelleira renunciante por DON MARTIN COMOJO VICENTE, remitindo a esta corporación a credencial como tal.*

4.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DO PLAN DE SANEAMENTO FINANCEIRO APROBADO AO ABEIRO DO RDL 5/2009 EN RELACIÓN AO EXERCICIO 2014.

<<INFORME DE INTERVENCIÓN

Asunto: Avaliación anual do cumprimento do Plan de saneamento aprobado como requisito do Real Decreto-lei 5/2009, do 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes para facilitar ás entidades locais o saneamento de débedas pendentes de pago con empresas e autónomos

1. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei Orgánica, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira
- Real Decreto-lei 5/2009, do 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes para facilitar ás entidades locais o saneamento de débedas pendentes de pago con empresas e autónomos
- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLFL)
- Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo I do título VI do TRLFL en materia orzamentaria
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común (LRXPAC)

2. ANTECEDENTES

- Acordo do Pleno do 01/07/2009 de aprobación dun Plan de saneamento, necesario para concertar unha operación extraordinaria de endebedamento no marco do Real Decreto-lei 5/2009
- Acordo do Pleno do 30/07/2009 de corrección de erros materiais e actualización de datos de endebedamento do Plan de saneamento aprobado na sesión plenaria do 01/07/2009

3. INFORME

PRIMEIRO: Xustificación da emisión do informe

O artigo 9 do RD-lei 5/2009 esixe como requisito para a operación extraordinaria de endebedamento que anualmente se avalíe pola Intervención Municipal o cumprimento do Plan de saneamento (PS). Este informe debe remitírselle ao Ministerio de Economía e Facenda (actualmente, Ministerio de Facenda e Administracións Públicas) do ano seguinte a aquel ao que se refira a liquidación, tras o seu coñecemento polo Pleno da Corporación e por transmisión electrónica.

SEGUNDO: Cumprimento das proxeccións de ingresos e gastos

No PS establécense as previsións por capítulos da gastos e ingresos, salvo no capítulo 1 deste último que se leva a cabo unha desagregación dos diferentes impostos. Nos antecedentes da elaboración do PS (que non se achega ao seu texto definitivo) consta o detalle das previsións para cada un dos impostos directos, que son os que se terán en conta para efectuar a comparación das previsións do PS coa súa execución definitiva, extraída da liquidación do orzamento.

1. Ingresos correntes

a) Impostos directos

A continuación amósase unha comparativa entre as previsións do PS e a liquidación orzamentaria, engadindo o dato das previsións iniciais, co fin de ver o seu grao de cumprimento. Así, o PS contén unha serie de medidas que dan lugar a unhas proxeccións de ingresos e gastos que se deben materializar en toma de medidas que teñen un reflexo orzamentario, en primeiro lugar, nas previsións do orzamento de cada exercicio:

Concepto	PS	PD Orzamento	DRN	Variación PS-DRN	%var PS-DRN	Var PD-DRN	%var PD-DRN
Ibi urbana	1.370.078,30	1.482.829,87	1.446.139,57	76.061,27	5,55%	-36.690,30	-2,47%
Ibi ICE	10.913,64	9.983,67	9.983,67	-929,97	-8,52%	0,00	0,00%
IVTM	640.348,08	591.977,36	558.632,06	-81.716,02	-12,76%	-33.345,30	-5,63%
IIVTNU	20.944,63	38.273,27	13.599,92	-7.344,71	-35,07%	-24.673,35	-64,47%
IAE	74.618,51	92.404,05	64.466,84	-10.151,67	-13,60%	-27937,21	-30,23%
Impostos directos	2.116.903,16	2.215.468,22	2.092.822,06	-24.081,10	-1,14%	122.646,16	-5,54%

INGRESOS CORRENTES 2013

Concepto	PS	PI Orzamento	DRN	Variación PS-DRN	%var PS-DRN	Var PI-DRN	%var PI-DRN
Ibi urbana	1.305.492,12	1.117.681,19	1.038.645,72	-266.846,40	-20,44%	-79.035,47	-7,07%
Ibi ICE	10.699,65	9.983,67	9.953,67	-745,98	-6,97%	-30,00	-0,30%
IVTM	609.507,03	561.977,36	557.895,66	-51.611,37	-8,47%	-4.081,70	-0,73%
IIVTNU	20.533,95	38.212,03	20.773,27	239,32	1,17%	-17.438,76	-45,64%
IAE	73.155,40	92.404,05	65.889,50	-7.265,90	-9,93%	-26.514,55	-28,69%
Impostos directos	2.116.903,16	2.082.133,89	1.944.041,70	-172.861,46	-8,17%	-138.092,19	-6,63%

Obsérvase que a execución dos impostos directos desviouse tanto das previsións do orzamento de 2014 como das relativas ao Plan de saneamento non acadando os obxectivos en valor absoluto. A desviación é superior con respecto das previsións do orzamento. Unicamente arróxanse valores positivos no caso do Ibi, que supera as estimacións do PS nun 5,55%, aínda que o dito superávit non chegou a materializarse con respecto das consignacións definitivas. Se se realiza unha comparativa co exercicio 2013 vese que o comportamento da execución orzamentaria dos impostos directos mellora con respecto do ano anterior pois as desviacións negativas das previsións redúcense, tanto con respecto do PS (-1,14% no 2014 fronte a un -8,17% en 2013) e o orzamento definitivo (-5,54% no 2014 fronte a un -6,63% en 2013).

Con respecto do Ibi hai que ter en conta dúas circunstancias:

a) A partir do ano 2007 prodúcese a aplicación do cambio de criterio na consideración como rústicos ou urbanos dos inmobles aos efectos do Ibi. Será a clasificación do solo aos efectos urbanísticos a que determinará o tipo e inmovible. Isto supuxo o traspaso de obxectos tributarios do Ibi urbano ao Ibi rústico. Así, no PS non se tivo en conta este último ingreso, dada a súa irrelevancia no orzamento, mentres que no ano 2014 tivo unha execución de 269.429,47 € como dereitos recoñecidos netos.

b) En el Ibi urbana se produxo un incremento *ex lege* do tipo impositivo en aplicación do Real Decreto-lei 20/2011, do 30 de decembro, o que se consolidou a través da modificación da ordenanza reguladora do imposto que acordou que o tipo de Ibi urbana fose do 0,605%.

b) Resto de ingresos correntes

Concepto	PS	PD Orzamento	DRN	Variación PS-DRN	%var PS-DRN	Var PD-DRN	%var PD-DRN
ICIO	161.576,21	74.248,29	19.910,40	-141.665,81	-87,68%	-54.337,89	-73,18%
Taxas e outros ingresos	1.187.069,96	1.399.564,63	1.279.425,63	92.355,67	7,78%	-120.139,00	-8,58%
Transferencias e subvencións correntes	2.686.718,77	3.032.484,92	3.059.935,93	373.217,16	13,89%	27.451,01	0,91%

Ingresos patrimoniais	5.496,20	2.000,00	1.349,39	-4.146,81	-75,45%	-650,61	
Total ingresos correntes	6.157.764,30	6.723.766,06	6.453.443,41	295.679,11	4,80%	-270.322,65	-4,02%

Con respecto dos restantes ingresos correntes obsérvase un diferente comportamento da execución orzamentaria segundo sexa o documento de comparación: o PS ou o Orzamento definitivo. Os datos son mellores e, incluso positivos, se a comparación se realiza con respecto das estimacións daquel; así, nun cómputo global, o total de ingresos correntes recoñecidos en termos netos supera nun 4,80% ás previsións do PS para o 2014 o que é un mellor resultado que en 2013, que ascendeu a 2,84%. Os ditos ratios toman valores negativos si se comparan coas previsións do orzamento de ingresos para 2014, o que reflicte que houbo uns criterios máis prudentes na elaboración do plan que no documento orzamentario. A mesma execución orzamentaria non acada nun -4,02% ás estimacións, dato que, non obstante, é mellor que o acadado en 2013, un -8,39%.

Concepto	PS	PD Orzamento	DRN	Variación PS-DRN	%var PS-DRN	Var PD-DRN	%var PD-DRN
ICIO	161.576,21	74.248,29	23.931,39	-137.644,82	-85,19%	-50.316,90	-67,77%
Taxas e outros ingresos	1.163.794,08	1.296.232,00	1.285.358,57	121.564,49	10,45%	-10.873,43	-0,84%
Transferencias e subvencións correntes	2.686.718,77	3.433.482,79	3.052.465,46	365.746,69	13,61%	-381.017,33	-11,10%
Ingresos patrimoniais	5.496,20	0,00	2.827,30	-2.668,90	-48,56%	2.827,30	
Total ingresos correntes	6.134.488,42	6.886.096,97	6.308.624,42	174.136,00	2,84%	577.472,55	-8,39%

b.1) Impostos indirectos: ICIO

Este é o ingreso que sofre maior redución, tanto con respecto das previsións do PS (87,68%) como as do orzamento (73,18%). De acordo co PS os efectos da execución do polígono empresarial de Rianxo estenderíanse aos anos 2010, 2011 e 2012, polo que as previsións dos anos seguintes terían o carácter de ordinarias. A paralización da actividade económica, especialmente a inmobiliaria que, de non coñecerse no ano de elaboración do PS si debería terse tido en conta na elaboración das previsións do orzamento, que experimentan un elevado incumprimento.

b.2) Taxas e outros ingresos e transferencias correntes

Estes capítulos de ingreso experimentan un incremento con respecto das previsións do PS. No caso das transferencias, como se indica no informe de avaliación emitido o 19/03/2012, débese a que no PS só tiveronse en conta as transfeencias correntes previstas inicialmente no orzamento.

c) Ingresos patrimoniais

Este capítulo de ingreso tampouco acadou as previsións do PS, aínda que é pouco relevante dada a súa escasa importancia relativa.

A avaliación global dos ingresos correntes é a que segue:

- A execución dos ingresos correntes supera ás previsións do PS nun 4,80%.
- A execución dos ingresos correntes é inferior ás previsións definitivas nun 4,02%

Concepto (2013)	PS	PD Orzamento	DRN	Variación PS-DRN	%var PS-DRN	Var PD-DRN	%var PD-DRN
Ibi urbana	1.305.492,12	1.117.681,19	1.038.645,72	-266.846,40	-20,44%	-79.035,47	-7,07%
Ibi ICE	10.699,65	9.983,67	9.953,67	-745,98	-6,97%	-30,00	-0,30%
IVTM	609.507,03	561.977,36	557.895,66	-51.611,37	-8,47%	-4.081,70	-0,73%
IIVTNU	20.533,95	38.212,03	20.773,27	239,32	1,17%	-17.438,76	-45,64%
IAE	73.155,40	92.404,05	65.889,50	-7.265,90	-9,93%	-26.514,55	-28,69%
Impostos directos	2.116.903,16	2.082.133,89	1.944.041,70	-172.861,46	-8,17%	-138.092,19	-6,63%
ICIO	161.576,21	74.248,29	23.931,39	-137.644,82	-85,19%	-50.316,90	-67,77%
Taxas e outros ingresos	1.163.794,08	1.296.232,00	1.285.358,57	121.564,49	10,45%	-10.873,43	-0,84%

Transferencias e subvencións correntes	2.686.718,77	3.433.482,79	3.052.465,46	365.746,69	13,61%	-381.017,33	-11,10%
Ingresos patrimoniais	5.496,20	0,00	2.827,30	-2.668,90	-48,56%	2.827,30	
Total	6.134.488,42	6.886.096,97	6.308.624,42	174.136,00	2,84%	-577.472,55	-8,39%

2. Gastos correntes

GASTOS CORRENTES E FINANCEIROS

Concepto	PS	CD Orzamento	ORN	Variación PS-ORN	%var PS-ORN	Var CD-ORN	%var CD-ORN
Gastos de persoal	2.946.418,77	2.472.959,08	2.311.790,56	-634.628,21	-21,54%	-161.168,52	-6,52%
Gastos en bens correntes e servizos	1.931.723,89	2.759.807,95	2.527.888,99	596.165,10	30,86%	-231.918,96	-8,40%
Gastos financeiros	45.229,52	278.732,24	244.805,22	199.575,70	441,25%	-33.927,02	-12,17%
Transferencias e subvencións correntes	89.100,21	157.572,56	145.956,94	56.856,73	63,81%	-11.615,62	-7,37%
Pasivos financeiros	955.537,92	1.265.874,42	1.265.871,42	310.333,50	32,48%	-3,00	0,00%
Total	5.968.010,31	6.934.946,25	6.496.313,13	528.302,82	8,85%	438.633,12	-6,32%

Os resultados sobre o aforro neto serán peores cos dos previstos no PS á vista de que hai unha maior execución de ingresos correntes (4,80%), pero aínda é superior a execución dos gastos (8,85%). Con respecto do ano anterior hai unha lixeira melloría no cumprimento das previsións das estimacións de gasto, xa que redúcese dun 9,43% a un 8,85%. Neste caso, as desviacións rexistran mellores valores cando as comparamos co Orzamento definitivo, aínda que aquí hai que ter en conta o carácter limitativo dos cretos de gasto, xa que os que excedan as consignacións orzamentarias só terán reflexo extra-orzamentario e non, polo tanto, nos datos analizados.

GASTOS CORRENTES E FINANCEIROS 2013

Concepto	PS	CD Orzamento	ORN	Variación PS-ORN	%var PS-ORN	Var CD-ORN	%var CD-ORN
Gastos de persoal	2.888.645,86	2.445.547,52	2.388.078,29	-500.567,57	-17,33%	-57.469,23	-2,35%
Gastos en bens correntes e servizos	1.931.723,89	2.862.128,76	2.742.158,42	810.434,53	41,95%	-119.970,34	-4,19%
Gastos financeiros	67.392,80	295.388,96	207.628,97	140.236,17	208,09%	-87.759,99	-29,71%
Transferencias e subvencións correntes	89.100,21	811.438,80	115.740,66	26.640,45	29,90%	-695.698,14	-85,74%
Pasivos financeiros	937.426,86	1.050.000,00	1.018.124,84	80.697,98	8,61%	-31.875,16	-3,04%
Total	5.914.289,62	7.464.504,04	6.471.731,18	557.441,56	9,43%	-992.772,86	-13,30%

TERCEIRO: Cumprimento dos indicadores do PS

1. Aforro neto

A cuantificación do aforro neto que realiza o PS non é a prevista legalmente no artigo 53 TRLFL, senón que atende, exclusivamente á execución orzamentaria, sen calcular a anualidade teórica de amortización como indica o dito precepto legal, o que motiva a diferente contía que arroxa o aforro neto neste informe con respecto do da liquidación orzamentaria. Non obstante, neste extrem non se cumpre o PS, xa que, fronte a un valor positivo previsto pásase a un negativo.

Ano	Concepto	PS	Liquidación
2013	Aforro neto	220.198,80	-163.106,76
2014	Aforro neto	189.753,99	-42.869,72

Da liquidación do exercicio 2014 resulta un aforro neto positivo de 126.836,89 €. Este dato calcúlase de acordo coa súa definición legal no art. 53 TRLFL. Vexamos cáles son as principais diferenzas co calculado aos efectos do PS.

Cap	DRN/valor legal	DRN	Diferenza
1	2.092.822,06	2.092.822,06	0,00
2	19.910,40	19.910,40	0,00
3	1.279.425,63	1.279.425,63	0,00
4	3.059.935,93	3.059.935,93	0,00
5	1.349,39	1.349,39	0,00
Extr	(33.014,97)	0,00	(33.014,97)
Ing	6.420.428,44	6.453.443,41	(33.014,97)

Cap	ORN/valor legal	ORN	Diferenza
1	2.311.790,56	2.311.790,56	0,00
2	2.527.888,99	2.527.888,99	0,00
3	0,00	244.805,22	244.805,22
4	145.956,94	145.956,94	0,00
9	0,00	1.265.871,42	1.265.871,42
Ata	1.312.644,90	0,00	1.312.644,90
Ort	(4.689,84)	0,00	(4.689,84)
Gtos	6.293.591,55	6.496.313,13	2.818.631,70

	Definición legal	PS	Diferenza
AN	126.836,89	-42.869,72	-169.706,61

Nos dous sistemas de cálculo hai dúas diferenzas que se poden agrupar nas seguintes:

- Exclusión de determinados ingresos/gastos

Na definición legal exclúense dos ingresos aqueles que teñen un carácter extraordinario, de carácter puntual, co fin de outorgar un carácter tendencial ao aforro neto. Esta diferenza consiste en que da magnitud calculada conforme ao art. 53 TRLFL dedúcense 33.014,97 € correspondentes a liquidacións da taxa do 1,5% dos ingresos de empresas subministradoras pola ocupación do solo, volo e subsolo. En canto aos gastos tamén exclúense os gastos que recibiron o seu financiamento do superávit orzamentario doutros exercicios, isto é, do remanente de tesourería. Este importe ten pouca relevancia e ascende a 4.689,84. Por este grupo de diferenzas, o aforro neto, de acordo a súa definición legal sería inferior en 28.325,13 € ao calculado unicamente en función dos datos orzamentarios.

- Diferente cómputo da carga financeira

A carga financeira determínase no art. 53 TRLFL para o cálculo do aforro neto como un cálculo teórico, tendo en conta que todas as operacións teñen unha cota de amortización e xuros constante das operacións concertadas a longo e curto prazo. O cálculo establecido aos efectos do PS ten en conta as obrigas recoñecidas do capítulos 3 e 9. O dato que introduce unha gran diferenza na carga financeira é unha amortización extraordinaria do préstamo da 1ª fase do mecanismo de pagamento a provedores que houbo que realizar de acordo coa LO 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. O seu importe foi de 193.920,54 €. Este dato non se ten en conta na cuantificación da anualidade teórica de amortización, pero sí na carga financeira aos efectos do PS. Por outra parte, a definición legal do AN só ten en conta os gastos financeiros derivados da débeda, e o segundo cálculo ten en conta todo o capítulo 3, que ascende a 244.805,22 €, dos que unicamente 94.279,32 € eran xuros de débeda. O importe restante correspóndese con 5.179,78 € doutros gastos financeiros (comisións bancarias, etc.) e xuros de demora derivados de varias sentenzas xudiciais (145.346,12 €). Unicamente excluído este último dato, o aforro neto aos efectos do PS xa sería positivo.

2. Déficit de tesourería

Este indicador mide a capacidade real para poder atender aos pagamentos. Por este motivo, o PS incorpora para cada ano de vixencia as previsións de recadación e pagos, tanto de corrente como de pechados.

Neste indicador tamén conséntase un peor dato que o previsto no PS, que pasa dun déficit de 117.389,39 € a outro de 853.513,16 €. Non obstante, o dito indicador só achega os datos da execución orzamentarios, aínda que deberían terse en conta os de carácter non orzamentario, aínda que teñen menor repercusión na situación económica do concello. Hai que ter en conta que os fondos líquidos de tesourería a 01/01/2014 (os previstos no remanente de tesourería -RT- do ano 2013) ascendían a 1.149.112,57 €, polo que, finalmente a tesourería foi suficiente para atender ás obrigas de carácter orzamentario quedando un remanente de 295.599,41 € (sen ter en conta as operacións non orzamentarias). Este dato é máis coherente cos fondos líquidos de tesourería existentes a 31/12/2014 que, segundo o RT eran de 287.385,64 €.

Concepto	PS	Liquidación	Ex pechados	Total recadación/ pagos
Impostos directos	1.971.121,84	1.883.116,19	119.179,13	2.002.295,32
Impostos indirectos	161.576,21	19.910,40	0,00	19.910,40
Taxas e outros ingresos	1.163.794,08	1.220.374,37	71.995,82	1.292.370,19
Transferencias e subvencións correntes	2.611.827,54	3.057.065,95	376.310,9	3.094.697,04
Ingresos patrimoniais	5.496,20	1.349,39	0,00	1.349,39
Transferencias de capital	0,00	142.507,67	0,00	142.507,67
Total cobros	5.913.815,87	6.324.323,97	228.806,04	6.553.130,01
Gastos de persoal	2.888.645,86	2.311.790,56	0,00	2.311.790,56
Gastos en bens correntes e servizos	2.052.691,73	2.221.138,19	612.152,94	2.833.291,13
Gastos financeiros	45.229,52	244.805,22	0,00	244.805,22
Transferencias e subvencións correntes	89.100,21	111.493,05	89.007,79	200.500,84
Investimentos	0,00	288.666,93	164.842,75	453.509,68
Transferencias de capital	0,00	0,00	96.674,32	96.674,32
Activos financeiros	0,00	200,00	0,00	200,00
Pasivos financeiros	955.537,94	1.265.871,42	0,00	1.265.871,42
Total pagamentos	6.031.205,26	6.443.965,37	962.677,80	7.406.643,17
Déficit de tesourería	-117.389,39	-119.641,40	-733.871,76	-853.513,16

4. Remanente de tesourería para gastos xerais

Tampouco neste caso o valor que se solicita desta magnitude é a que se deriva da normativa contable, xa que se lle deduce o importe das devolucións de ingresos pendentes de devolución así como os gastos pendentes de aplicar ao orzamento.

- Devolucións de ingresos pendentes de devolución: 129,10 €

- Obrigas pendentes de aplicar ao orzamento: 308.291,87

Cap 2	256.418,40
Cap 3	40.365,47
Cap 6	11.508,00
Total	308.291,87

O resultado neste caso é positivo:

Rtgx	-130.020,73
Devolucións ingresos ptes aplicación orzamentaria	129,10
Obrigas pendentes de aplicación orzamentaria	308.291,87

Rtgx axustado	-438,441,70
---------------	-------------

4. CONCLUSIÓNS

1. Os datos da execución orzamentaria de 2014 poñen de manifesto a existencia de valores negativos que miden a liquidez e solvencia do concello. En canto ao aforro neto, tendo en conta o método de cálculo que se utiliza para a avaliación do cumprimento do PS é negativo en -42.869,72 €, fronte a un valor de 126.836,89 €, de acordo co cálculo que establece o art. 53 TRLFL e que é o que é relevante nas consecuencias económicas que establece a normativa de endebedamento e estabilidade orzamentaria. Unha das principais explicacións a esta diferenza é a amortización extraordinaria que, con carácter obrigatorio tivo que realizar o concello en aplicación do seu superávit orzamentario. O resultado será que no 2015, o aforro neto verase favorecido ao reducirse a carga financeira e a anualidade teórica de amortización. Non obstante, o cálculo que determina a aplicación informática do PS non ten en conta esta circunstancia e compútao xunto cos gastos ordinarios do endebedamento.

2. Os datos de liquidez tampouco son bos, xa que os movementos de tesourería derivados de operacións orzamentarias -os que teñen unha maior relevancia- deron lugar en 2014 a un déficit de -853.513,16 €. Este déficit puido asumirse debido a que os fondos líquidos de tesourería a principios dese exercicio ascendían a 1.149.112,57 €. Tendo en conta a totalidade das operacións non orzamentarias, os fondos líquidos de tesourería a final do exercicio cuantificouse en 287.385,64 €.

3. O remanente líquido de tesourería tomou un valor negativo de -130.020,73 €, o que impediu asumir novo endebedamento para investimentos, tanto en aplicación do RDL 5/2009, como o RDL 4/2012, relativo ao Plan de Axuste 2012-22.

4. Finalmente, hai que indicar que o concello ten en vigor o Plan de axuste 2012-22 que compromete a adopción dunha serie de medidas encamiñadas a mellorar a estabilidade orzamentaria, pero que redundan nos restantes indicadores económicos como son o aforro neto e o remanente de tesourería. Asemade, elaborouse un Plan de sanamento financeiro 2015-18 para poder solicitar unha operación de refinanciamento do primeiro préstamo do Plan de axuste e que está encamiñado a corrixir o valor negativo do aforro neto que deriva da liquidación de 2013.

5. Este informe, xunto coa presentación dos datos contables na aplicación de captura habilitada a tal efecto, deberá remitírselle ao Ministerio de Facenda, que remitírallo tamén á Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro, como órgano de tutela financeira, de acordo co Estatuto de Autonomía.>>

O Pleno da Corporación **DÁSE POR ENTERADO.-**

5.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día e antes de pasar a quenda de rogos e preguntas, ábrese o punto de mocións de urxencia.

5.1.- MOCIÓN QUE PRESENTA A PLATAFORMA EN DEFENSA DA RÍA DE AROUSA (PDRA).

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O alcalde xustifica a urxencia, dicindo que se aprobou outra no Pleno anterior do mes de xaneiro e debido ao interese xeral que está suscitando a retirada da Lei de acuicultura, e dado que ven avalada por colectivos que entenden son fundamentais para o desenvolvemento do Concello coma a Confraría de Pescadores, Aspromeri (Asociación de produtores mexiloeiros de Rianxo), Club de Remo e a Asociación Rianxeira de Empresarios.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada por unanimidade dos 16 membros presente** dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

Polo Sr. Alcalde cédese a palabra a Don Francisco Alcalde García presidente do Consello Regulador do Mexillón, lee a moción.

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Sobre a importancia do sector do mar de Galicia na economía localidades

o sector do mar de Galicia é estratéxico na economía local, polo emprego directo que xera: mariscadoras a pe, bateiros, mariñeiros, mariscadores a flote, etc. Constitúen un amplísimo colectivo que ten o seu medio de vida no mar. Con empregos estables, tamén en épocas de crise, porque están menos expostos ao ciclo económico ao contrario do que acontece noutras actividades-. O sector do Mar representa o 4% da produción total da economía galega e dá traballo, directo ou indirecto, a miles de familias.

Tamén é un sector estratéxico na economía local polo emprego que induce en diversas actividades en terra:

- empresas destinatarias dos nosos produtos (depuradoras de moluscos, cocedoiros, conserveiras, centros de conxelación e pasteurización, procesadores, comercializadores)
- empresas provedoras de servizos de suministros (estaleiros, cordelerías, carpinterías, montaxes e maquinaria).
- actividades auxiliares e de apoio, como transportes, centros de investigación, formación e control do medio mariño, etc.

Á importancia económica do sector do mar únese ao valor social que adquire nos municipios costeiros, xa que ten a capacidade de irradiar beneficios socioeconómicos a amplas capas da poboación, o que o converte nun mecanismo de distribución e reparto de riqueza no entorno local que incentiva a implantación de actividades e pequenos negocios.

Asemade, ten unha enorme contribución cualitativa, dende o punto de vista etnográfico e gastronómico, a un dos sectores que actualmente presenta un maior desenvolvemento económico: o turismo. O turismo en Galicia está baseado en tres piares: a catedral compostelán, a etnografía/paisaxe e a gastronomía.

Así pois, a fortaleza do sector do mar de Galicia está tamén na paisaxe que as actividades do mar deseñan nas rías: as bateas, as embarcacións de pesca e o marisqueo tanto a flote, como a pe nas praias. É ao resultado desas actividades con peixes e mariscos ao que os consumidores outorgan alta estima e prestixio, pois forman parte da excelsa gastronomía de Galicia.

Ningún dubida de que todos os negocios grandes e pequenos vencellados á actividade turística, directa ou indirectamente, deben boa parte da súa actividade económica ao sector do mar de Galicia.

Sobre o anteproxecto de Lei de Acuicultura de Galicia

O pasado 1 de outubro, o Consello da Xunta iniciou a tramitación do Anteproxecto de Lei de Acuicultura de Galicia, **sen un diálogo previo cos sectores produtivos do mar**. Saíu a exposición pública no Diario Oficial de Galicia do 19 de outubro, por prazo dun mes e, posteriormente, ese prazo ampliouse ata o 15 de decembro de 2015 polas protestas orixinadas.

Primeiro foi elaborada a ESGA (Estratexia Galega de Acuicultura) que, segundo propia definición, é un documento de estratexia e orientación política. Agora este Anteproxecto de Lei de Acuicultura incorporaa e dalle rango normativo de obrigado cumprimento.

Entre outros elementos o Anteproxecto de Lei de Acuicultura contempla:

- O Plan de Ordenación da Acuicultura Litoral en Terra, que establece:
- que os propietarios de terras que se neguen a vender serán expropiados a favor das empresas de acuicultura intensiva.
- O privilexio de eliminar a necesidade de informe previo de incidencia ambiental e a posibilidade de instalar acuícolas en espazos naturais protexidos.
- A imposibilidade de que os Concellos poidan decidir sobre a implantación de ditas industrias por seren consideradas de incidencia supramunicipal.
- O Plan de Ordenación de Cultivos Mariños, que establecerá para cada zona das Rías as especies a cultivar e o tipo de gaiola/batea a utilizar.

De se aprobar como Lei, consolida un trámite legislativo fraudulento e un engano á cidadanía, aos administrados, e tería como principais prexudicados á toda a xente do mar.

Ás autorizacións de marisqueo que pasen a ser acuicultura outorgaráselle unha concesión temporal e -como o resto das concesións- quedan obrigadas a producir uns rendementos mínimos, haberán de pagar os canons por superficie ocupada (con risco de viabilidade económica das confrarías) e terán que pasar as embarcacións á 4ª lista perdendo os permex de outras actividades, unha vía máis para a extinción da pesca tradicional e o marisqueo a pé ou a flote.

Todas as concesións, ao remate ou de non cumpriren os rendementos mínimos, saíran novamente a concurso público e serán concedidas con discriminación que favorece aos máis fortes, xa que obriga a competir á xente do mar contra multinacionais en criterios como maior solvencia económica, financeira e técnica.

Van privatizar o mar a favor das grandes empresas multinacionais.

A lei está deseñada para implantar a peixicultura intensiva a escala industrial e vai autorizar todo tipo de especies a cultivar, incluso foráneas ou exóticas, que poderían acabar sendo invasoras do medio natural.

Para a implantación da peixicultura intensiva, a Lei impulsa a Acuicultura Multitrófica Integrada-AMTI, técnica de cultivo que consiste nun monocultivo de peixe carnívoro (salmón, etc.) que utiliza especies extractoras (moluscos). Esta técnica busca reducir os niveis de contaminación xerados polas gaiolas de peixes co obxectivo de mellorar a súa imaxe pública na procura da aceptación pola sociedade e así, favorecer a súa implantación e a ocupación das augas das Rías.

Para garantir a implantación dos obxectivos da Lei establécese un réxime sancionador represivo e desproporcionado.

A aprobación da Lei e a implantación a escala industrial de gaiolas de peixes vai provocar diversos efectos negativos sobre o medio ambiente:

- Para producir un quilo de peixe precísanse entre 4 e 6 quilos de peixe salvaxe, o que vai supoñer a depredación das pesquerías.
- A contaminación das Rías está asegurada: excrementos e refugallo de peixes, de pensos, fármacos (vacinas, antibióticos) e produtos químicos (antiincrustantes, antiparasitarios), propagación de enfermidades e parasitos, etc. Contaminaranse as augas, afectarase á calidade e cantidade dos nosos recursos e deteriorarase a biodiversidade do medio mariño onde todos traballamos, que é patrimonio de todos os galegos/as.
- A contaminación de peixes e mariscos podería levar aparelada vedas “técnicas” ou a prohibición de actividades de pesca e marisqueo por razóns sanitarias.
- Asemade, a degradación do medio podería ter impacto directamente relacionado coas toxinas PSP, ASP e DSP.

Esta Lei defende intereses alleos e vai perturbar a convivencia tradicional e harmónica dos sectores do mar: mariscadoras, mariñeiros, parquistas, mexilloeiros, etc.

O Anteproxecto foi elaborado de costas á realidade e aos intereses das persoas que viven do Mar de Galicia. Ningún sector do mar está conforme coa Lei porque entende que está deseñada para desmantelar os sectores produtivos primarios, e empobrece as comarcas costeiras.

Ante o retroceso produtivo das Rías, o que precisan os sectores primarios son verdadeiras políticas estruturais que garantan:

- a calidade das augas do medio mariño.
- O afortalamento do tecido produtivo e o potenciamento das actividades primarias incentivando a cooperación con liñas de apoio ao desenvolvemento colectivo.
- A recuperación da confianza dos consumidores e o fomento da demanda, e polo tanto da oferta de produtos do mar de Galicia, sans e naturais.
- O incremento do valor engadido dos nosos produtos, para que a riqueza quede aquí e non vaia para fóra.

Por todo isto, os distintos sectores do mar de Galicia temos solicitado á Consellería do Mar a retirada do anteproxecto de Lei de Acuicultura de Galicia e

Propoñemos que o Pleno Municipal acorde:

1.- Instar á Consellería do Mar á retirada do Anteproxecto de Lei de Acuicultura de Galicia, e ao Consello da Xunta de Galicia, e ao Consello da Xunta de Galicia para que rexeite dito Anteproxecto de Lei de Acuicultura de Galicia.

2.- Remitir o texto do acordo acadado polo Pleno Municipal a PLATAFORMA EN DEFENSA DA RÍA DE AROUSA (PDRA) .>>

Seguidamente o Alcalde cédelle a palabra ao Patrón Maior da Confraría de Pescadores “Virxe do Carme” de Rianxo.

Dí que Rianxo é un pobo traballador e de mariñeiros. Di que aquí están representados todos os sectores: mariñeiros, mariscadoras de a pe, bateeiros e todos unidos para pedir o apoio dos partidos políticos deste Concello para que os apoien e loiten diante da Consellería e doutros organismos, para que Rianxo poida seguir vivindo do mar como ata o de agora.

O alcalde abre a quenda de intervencións.

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro**, di que o seu grupo apoia a moción e polo tanto a retirada do anteproxecto. Dí que o seu grupo xa estivo apoiando en todos os actos que organizaron con este motivo. Sinala que o seu grupo nun acto que tiveron o ana pasado, xa advertían que o mar sería nun futuro un foco de tensión. Amosa o apoio do seu grupo ao colectivo do mar, por cuestións de forma e de fondo. Dí que non se pode facer unha Lei ao marxe do sector. Indica que as cuestións de fondo coma as medioambientais, sanitarias, económicas, etc, que eles rexeitan. O mar debe seguir sendo unha fonte de riqueza tal como está distribuída agora.

Sinala que temos un dos ecosistemas mariños máis ricos do mundo e parece que queren destruílo.

Continúa facendo unha ampla exposición dos motivos polos que debe rexeitarse o anteproxecto que pretende facer a Xunta e dí que o seu grupo amosa a conformidade cos puntos expresados na moción.

Para rematar da lectura a un fragmento do escritor portugués José Saramago que en Cuadernos de Lanzarote xa amosou todo o seu desasosego cas privatizacións.

A voceira do grupo do PSOE, **María del Carmen Figueira Ares**, di que o seu grupo apoia a moción xa que pensan que de unha vez por todas as administracións deben saber que se é necesaria unha nova normativa non pode ser feita de espaldas aos sectores implicados.

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, **José Norberto Uzal Tresandi**, di que o seu grupo a pesar de votar a favor da urxencia e que unha moción semellante a esta presentouse no pleno anterior, entenden que é unha preocupación dun sector importante do pobo e que ten que ver cas consecuencias desta Lei e neste sentido por eso favorecen o debate, pero non poden compartir o resultado final que é a retirada da Lei.

Prodúcese unha interrupción polo público asistente con gritos e pitidos, rexeitando a intervención do vicevoceiro do PP José Norberto Uzal Tresandí.

Polo Sr. Alcalde solicítase ao público asistente que respeten as intervencións e que garden silencio, senón terá que adoptar as medidas necesarias para que a sesión poida continuar con normalidade. Roga ao público que deixen intervenir a todólos grupos políticos aínda que non estean a favor da moción, xa que o respecto é fundamental para poder desenvolver o pleno con normalidade.

Polo vicevoceiro do grupo do Partido Popular, **José Norberto Uzal Tresandi**, dí que comparten a preocupación e recoñecen que algo non se debeu facer ben, cando o propio Presidente da Xunta onte anuncio que esta Lei queda en suspenso. Que quede en

suspense para eles non é incompatible con que se redacte unha lei nova. Dí que pedir a retirada é incumprir unha obrigaón e un mandato dos veciños que os votaron, xa que é necesaria unha Lei de Acuicultura.

Indica que se esta non é unha Lei que o sector considera o máis axeitada, están de acordo en que o texto definitivo da Lei se negocie. Dí que comparten a preocupación e entenden que a Lei debe ser consensuada co sector, pero o que estaba aprobado era un anteproxecto e o texto pódese cambiar totalmente.

Sinala que están de acordo en que se negocie e se aprobe unha Lei que definitivamente sexa consensuada co sector, e neste senso amosa a abstención do seu grupo á moción, xa que non están de acordo ca retirada, xa que ten que ter unha solución definitiva e consiste en que sexa a que hai pero consensuada co sector.

O Público asistente irrompe en pitidos e gritos en contra da exposición feita polo vicevoceiro do PP.

A voceira do grupo do B.N.G., Adelina Ces Quintáns, di que o seu grupo apoia a moción e dí que sempre está na loita cos sectores produtivos de Galicia. Indica que esta Lei vai meter produtos na ría tóxicos que poden ser perigosos e incluso volver a ría improductiva.

Sinala que o equipo de goberno aproba a retirada da Lei e que incluso hai que estar pendentes da Lei do tratado do libre consumo, que é unha porta aberta a que as grandes multinacionais e as grandes corporacións podan tomar todo tipo de iniciativas empresariais sen contar co pobo e intentando que todos sexamos escravos dos seus fins.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que dende a Alcaldía tamén se apoia o sentido de todas as persoas que están en contra da referida Lei. Dí que este Concelo está para transmitir e ser portavoz de todas as persoas que o necesiten e pola tanto posicionarase sempre a favor dos veciños.

Indica que os veciños poden usar o Concelo como ferramenta para poder facer forza como xa pasou noutras ocasións, co obxectivo de que retiren a Lei de Acuicultura.

Sinala que as Lei sempre van en contra dos intereses dos veciños, que sempre prohiben faenar, producir, etc e que Rianxo a diferenza de outras rías sempre está todo ben repartido e que hai familias que dependen da Ría e que o resto dos veciños tamén son prexudicados cando a Ría vai mal.

Engade que non se pode comenza unha Lei sen oír aos colectivos afectados e sectores produtivos, xa que o que pretenden con isto é privatizar a Ría. Incide tamén no xa indicado pola voceira do BNG en relación ao Tratado do Libre Comercio que se está impulsando dende Europa, que faia escapar incluso das propias lexislacións dos Estados.

Sinala que todo forma parte dunha extratexia para poder comercializar produtos doutros países sen control algún. Dí que a nosa Ría ten un ecosistema moi productivo tal e como está agora e que non hai motivo algún para cambiar o sistema de produción actual, xa que non o solicita ninguén.

Indica que o que se debe facer unha Lei que prohiba os verquidos na Ría que son os causan os problemas, que se investiguen as causas polas que está morrendo o berberecho na ría, que se lle dea unha prestación ás mariscadoras cando non podan traballar por estar a ría contaminada, como calquera traballador. A Lei debe prohibir a entrada das piscifactorías nas nosas Rías.

Por último dí que sinte que non podidan levar o apoio maioritario de todos os grupos deste Concello, como pasou noutros, pero que levan o apoio da maioría dos grupos municipais para decir que non a esta Lei e que o que queren a retirada total do anteproxecto.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 11 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 3 dos membros do grupo PSOE e 2 membro do grupo Rianxo en común), ceros votos en contra e cinco abstencións (dos 5 membros do grupo PP) dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, **resulta APROBADA nos termos desta.-/**

5.2.- MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL BNG PARA A REALIZAR ACTIVIDADES QUE PROMOVAN O COÑECEMENTO DA OBRA E DO COMPROMISO DE ROSALÍA DE CASTRO, A COMEZAR POLA SÚA DEFENSA DO GALEGO .

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do BNG Dona Adelina Ces Quintáns xustifica a urxencia, dicindo que ante o comenzo do mes de febreiro e de cara a realizar actividades que promovan o coñecemento da obra de Rosalía de Castro.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada por unanimidade dos 16 membros presente** dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

Adelina Ces Quintáns, lee a moción.

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 24 de febreiro de 2016 cúmprense 179 anos do nacemento de Rosalía de Castro, un día e un mes en que é preciso traballar, como o resto do ano mais de xeito máis intenso e planificado, para difundir unha obra e un pensamento con forte vixencia na actualidade e que pode coadruar a recuperar o orgullo de quen somos e o recoñecemento da nosa lingua como expresión xenuína do pobo galego. Lembremos que estamos a falar dunha escritora radical, culta, feminista e comprometida co noso país, coas súas clases populares e cos sinais de identidade da Galiza, entre os que se conta o galego, hoxe especialmente ameazado.

Rosalía de Castro é non só a escritora máis representativa da lingua e da literatura galegas senón a que marcou o camiño a seguir ao iniciar o proceso de recuperación de usos do galego co obxectivo de lle devolver a dignidade de que fora despoñido. A publicación do seu libro Cantares Gallegos, o primeiro escrito integramente no noso idioma, sinala o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento. A recuperación literaria e lingüística da Galiza ten unha enorme débeda coa súa obra, que marca a ruptura da marxinalidade do galego e desafia a sociedade do seu tempo a través dun discurso de defensa da terra, da súa xente e dunha lingua que merece continuar a ser transmitida de xeración en xeración e ser utilizada en todos os ámbitos para contribuír, desde a súa especificidade, ao saber universal que tamén posúe a obra rosaliana.

Nuns tempos en que os datos obxectivos indican un alarmante descenso no uso do galego, a difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e os galegos, en especial para as xeracións máis novas, pois nos seus textos achamos procedementos e argumentos para fomentar a utilización da nosa lingua, achegarse á nosa idiosincrasia e comprender a nosa identidade cultural. Cómpre, pois, aproveitar a reivindicación desta data para estendela a un mes de febreiro de firme e inequívoco compromiso co idioma, sumando todos os esforzos posibles para continuar o camiño por ela iniciado para o galego se converter na lingua en que expresarmos todos os nosos sentimentos e emocións, en que desenvolvemos toda a nosa actividade profesional, en que achegamos a nosa contribución á cultura universal.

Por todo isto, e seguindo as directrices dunha convocatoria xa consolidada pola Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG), propoñemos ao Pleno Municipal deste concello, tras declarar, o 24 de febreiro Día de Rosalía, os seguintes acordos:

1. Empezar e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen a veciñanza do noso concello ao longo do mes de febreiro. Entre estas actividades, xulgamos de interese promover, cando menos, as seguintes accións:

a) Pendurar nos balcóns das casas e das institucións bandeiras galegas, pancartas con versos de Rosalía debuxados, procurar espazos para realizar graffitis, murais...

b) Realizar lecturas públicas da obra rosaliana en lugares destacados do concello en que o alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.

c) Desenvolver unha serie de actividades para promover o coñecemento de actualizacións da obra rosaliana a través da música, o teatro, a literatura ou a danza, así como seminarios, mesas redondas e/ou conferencias sobre a súa obra e figura.

2. Apoiar todas as iniciativas mobilizacións que se desenvolvan ao longo do mes de febreiro para reivindicar o futuro do noso idioma e a activación de medidas a prol do seu uso en todos os ámbitos.

3. Solicitar da Xunta de Galicia unha mudanza na política lingüística desenvolvida até o momento, retomar o consenso e promover, nun prazo máximo de seis meses, mudanzas legislativas substanciais guiadas pola activación de políticas lingüísticas a prol do galego.>>

O alcalde abre a quenda de intervencións.

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro**, di que o seu grupo vai apoiar a moción aínda que non son partidarios de que sexa con este tipo de iniciativas.

A voceira do grupo do PSOE, **María del Carmen Figueira Ares**, di que o seu grupo tamén apoia a moción e di que é necesario seguir potenciando o noso idioma e que se aproveite a data de Rosalía para elo, pero tamén hai que facelo durante todo o ano.

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, **José Norberto Uzal Tresandi**, di que o seu grupo esta de acordo basicamente co texto da moción, agás no que atinxe ao punto 3º, polo que solicita que se retire ou que se poda votar por puntos distintos, ou nese caso o seu grupo absterase e explicara o motivo, xa que entende que non é sustancial o punto 3º para reivindicación da figura de Rosalía.

Pola Sr. Alcalde indícase que explica a abstención se o desexa xa que non se vai modificar o sentido da moción.

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, **José Norberto Uzal Tresandi**, di que aquí pártese dunha figura radical e feminista, cando Rosalía era unha persoa católica e que tamén escribiu en castelán. Lembra que as administracións autonómicas estiveron sempre comprometidas ca vida e obra de Rosalía, sendo o partido popular cando gobernou a xunta e deputación o que reformou as instalacións de Padrón cuns investimentos grandes, a parte doutras actuacións tamén importantes.

Indica que agora non é obra exclusiva do BNG a reivindicación de Rosalía, por estar o BNG gobernando unha área de cultura da Deputación Provincial.

Dí que chaman a reivindicar o compromiso de todos con Rosalía, cando o BNG non o cumpre, xa que non asisten a tódolos actos programados pola súa figura, como no caso da misa de Santo Domingo de Bonaval e o día 25 de Xullo, cunha tradición de máis de 50 anos, problemente a tradición galegista máis antiga que se está celebrando de xeito continuado.

Indica que a Xunta de Galicia leva a cabo unha política lingüística efectivo-dinámica, por eso non poden aceptar o punto 3º, aceptada pola inmensa maioría da poboación e basease no equilibrio das dúas linguas, presentando o porcentaxe de coñecemento máis altas da historia. Dí que solicitar un cambio é buscar confrontacións, e que pode estar pensado co obxectivo de acadar máis votos nas vindeiras eleccións.

A voceira do grupo do B.N.G., **Adelina Ces Quintáns**, dí que o seu grupo apoia a moción.

O Alcalde, dí que a moción é acaída e que poden non compartir que haxa algunhas medidas que non sexan efectivas, pero que non poden retirar un apartado no que Rosalía representa os valores en prol do galego, xa que é unha figura fundamental da nosa lingua.

Sinala que o consenso existía arredor da nosa lingua, xa que o BNG acepta o que foi consensuado por todos os grupos arredor do plan da normalización, pero había que volver a él. Un plan que aprobou o propio Manuel Fraga e que o longo destes anos non cumpre o partido popular.

Dí que chaman a ese consenso e o plan que se aprobou por Manuel Fraga, o que significa que o umbral de tolerancia é bastante baixo en prol do galego.

Indica que non so interesa o maior coñecemento do galego, senón o maior uso do mesmo e que nestes momento está máis baixo polas xeracións máis novas. Dí que é necesario a súa chamada para un cambio radical e incluso os medios de comunicación que tampouco están facendo uso do galego.

Engade que é necesario recuperar o consenso que Rosalía sexa a figura que nos guíe nese camiño. Dí que o BNG sempre loitará polos dereitos de Galicia en tódos seus ámbitos tanto autonómicos, nacionais e europeos.

Por último dí que na moción é acaída e que se segue as indicacións da asociación de escritores en lingua galega para reivindicar a nosa lingua. Refire os actos plurais que se realizarán en Rianxo para invocar a figura de Rosalía.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 11 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 3 dos membros do grupo PSOE e 2 membro do grupo Rianxo en común), ceros votos en contra e cinco abstencións (dos 5 membros do grupo PP) dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, **resulta APROBADA nos termos desta.-/**

6.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Polo Sr. Alcalde dáse contestacións ás preguntas do último pleno.

- En canto aos asesores externos do Concello, dí que teñen unha unión temporal de empresa entre Pedro Trepát, de Santiago de Compostela e Xaquín Monteagudo, que ten despensa do Concello de Outes para realizar o asesoramento neste Concello. Dí que están moi satisfeitos co traballo realizado, que é unha asistencia técnica.

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro**, formula os seguintes rogos:

R.1.- Que se lles indique que locais ten o concello e os usos dos mesmos.

R.2.- Que se publiquen na web os perfís profesionais que ten o Concello: laboral, funcionario, etc e dos que se carecen.

R.3.- Que se mande a documentación do Pleno antes do luns, como acontece ata o de agora, solicitando ter a mesma o venres á mediodía. Que os decretos se manden por email,

xa que así evitaríase ter que ocupar a un funcionario para poder facilitalos, o mesmo que a convocatoria dos Plenos.

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, Antonio Castro Castro, formula as seguintes preguntas:

P.1.- ¿Síguese traballando na elaboración da Ordenanza de protección dos animais? ¿En que fase está?.

P.2.- ¿Ten novas instrucións a Policía Local para proceder no caso de animais abandonados? .

P.3.- ¿Como está a elaboración dos orzamentos? ¿Cal é o motivo de que aínda non estean aprobados?.

P.4.- ¿Solicitouse por este Concello algunha subvención para aforro e eficiencia enerxética ou non foi concedida?

A voceira do grupo do PSdeG-PSOE, M^a Carmen Figueira Ares, formula os seguintes rogos:

R.1.- Que se arranxen os puntos de luz da escola de Outeiro, xa que fan actividades pola noite.

R.2.- Que se desbroce e limpe a entrada e arredores da base do polígono industrial para poder acceder a ela.

R.3.- Que se intenten ter limpos os regos, cunetas e taxeadas para evitar as bolsas de auga cando chove moito xa que supón un perigo de accidentes e estropea os viais.

A voceira do grupo do PSdeG-PSOE, M^a Carmen Figueira Ares, formula as seguintes preguntas:

P.1.- ¿Cal é a situación na que se atopa o local da clínica vella?.

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, José Norberto Uzal Tresandí, formula os seguintes rogos:

R.1.- Na rúa Arcos Moldes hai unha sinal de paso de peóns que está pintada de negro, rógase se volva a pintar ben, xa que parece que foi un acto de vandalismo.

R.2.- Se limpe a fonte de Sestelo, xa que ten o chan cheo de lodo por estar cuberta de auga.

R.3.- Falta luz nalgúns tramos e hai moitas queixas, diante de mercadona, no paseo da Ribeira, Arcos Moldes, etc.

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, José Norberto Uzal Tresandí, formula as seguintes preguntas:

P.1.- ¿Como van as negociacións coas empresas que se iban implantar no Polígono Industrial?. ¿Fixéronse algunhas xestións?

P.2.- ¿Como está a situación da incorporación de Rianxo á Serra do Barbanza?. Foron adxudicados xa contenedores.

Respostas da Alcaldía:

- En relación ao tema dos contenedores da Serra do Barbanza, dí que os contenedores non son de Rianxo, son dos concellos que están na actualidade incluídos na mesma.

Indica que segundo se lle manifestou pola Alcaldesa de Lousame, están intentando renovar os vehículos para poder atender os Concellos e entre eles o de Rianxo.

Dí que foi aprobado en varios Plenos a entrada de Rianxo na Serra do Barbanza, pero de momento hai unha incapacidade para poder realizar os traballos en Rianxo. Indica que se volverán a retomar os contactos cando se produza a renovación dos vehículos para realizar o reaxuste e sacar un concurso propio para cambio dos contenedores, que xa é necesario dado o tempo que teñen os actuais de máis de 10 anos.

Sinala que xa hai os pregos e estan ubicados xa os contenedores que fan falta así como o número. Xa houbo unha xuntanza ca empresa e cos concellos para o tema. Están pendentes da renovación dos vehículos para dar o servizo a Rianxo e incorporar o persoal á plantilla e dar un servizo correcto a este Concello.

Neste momento non ten capacidade para elo, xa que houbo algún problema durante o verán ca recollida nalgúns concellos polo estado dos vehículos.

- En canto ás empresas do Polígono, neste nadal materializouse unha compra para ampliación dunha xa existente, e é inminente o comenzo dos traballos na parcela para instalar a empresa neste Concello.

Dí que tamén hai outra comprada que xa apareceu no mapa de SEA, unha parcela de 6.000 metros que dá a zona do punto limpo. Depende da dinámica empresarial para executar o proxecto.

Indica que o concello intentará estimular a compra e facer promoción, pero non ten moitos recursos para intervir.

- Toma nota en canto ao repintado do paso de peóns en Arcos Moldes.

- Tamén toma nota da falta dos puntos de luz e avisará á empresa.

- En relación ao orzamento, dí que no próximo Pleno posiblemente xa se traerán. Dí que case nunca se aprobaron en decembro e que nos outros concellos tampouco se teñen aprobados, estanse na maioría ca tramitación dos mesmos.

Dí que xa hai varias subvencións que se poden incorporar a eles.

- Con respecto á relación de postos de traballo, estase retomando a que fixo a universidade hai 4 anos e que implicaba que en 3 anos hai que aprobar a RPT, e en todo caso xunto co orzamento figura unha relación de tódolos traballadores e o seu posto de traballo.

Dí que o Concello non ten persoal dabondo para cubrir moitas tarefas e hai moitos servizos que carecen de persoal para realizar determinados traballos. Indica que o 30% é o importe que se destina nos orzamentos para o persoal, que se mantén na media de boa parte dos concellos.

Engade que a brigada de obras está facendo un traballo laborioso e necesario coma nas escolas e centros educativos.

- En relación á ordenanza dos animais, tratarase noutro momento, pero indica que a Policía Local non ten ningunha instrucción para realizar a perreira, só en casos moi excepcionais en situación límite, para non masificar os recursos e que a adopción sexa inviable. Dí que a vía de adopción está dando bos resultados e tamén se está usando a vía do veterinario.

Non obstante dí que non está de acordo en que os cans que aparecen na autovía se traian a Rianxo, para que o Concello se faga cargo.

- En relación á falta de luz, tamén toma nota.

Sinala que mañán toma posesión o Secretario en acumulación neste concello, e que nos vindeiros días retomárase o asunto do alumeadado público, motivo polo que non se solicitou a subvención, xa que se fará o concurso para poder levar a cabo a renovación de todas as luminarias.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 21:30 HORAS, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria accidental, dou fe.

O Alcalde.

A Secretaria accidental.
DXAL

Adolfo Muíños Sánchez

Vicenta A. Campaña Martinez